

INTEGRANTES DO GRUPO:

ACTIVIDADE 5

En grupos, planificamos a historia: establecemos a secuencia que permita desenvolver as ideas que se quere transmitir e compoñemos o guión literario.

1. En primeiro lugar, revisade a información recompilada en Xeografía e Historia e/ou Bioloxía e:

1.1. Decidide cal será o esquema expositivo dominante (marcade unha opción e cubride, se for o caso).

<p>Secuencial ou narrativo, se os feitos e datos se van ordenar no tempo, con avance cronolóxico.</p>	<p>Descritivo ou enumerativo, se queredes situar feitos e datos segundo <u>tipos</u>, <u>ámbitos</u> de uso, <u>lugares</u> xeográficos...:</p>	<p>Outro: comparativo, causa – efecto, problema – solución... Especificade:</p>
--	--	--

1.2. Segundo ese criterio, especificade as fases ou situacións do corpo expositivo (logo da apertura ou introdución).

<p>Parte 1: Presentarase...</p>	<p>Parte 2: Presentarase...</p>	<p>Parte 3: Presentarase...</p>	<p>Parte 4: Presentarase...</p>
--	--	--	--

1.3. Explicade minimamente o fondo ou fondos que se empregarán nas escenas de cada unha das fases.

<p>A. A imaxe de fondo será común a todas as fases:</p> <p>B. Haberá fondos específicos, que serán: para a fase 1, para a 2,</p>
--

1.4. Indicade que elementos e/ou personaxes serán fundamentais e intervirán en cada fase.

<p>1.</p>	<p>2.</p>	<p>3.</p>	<p>4.</p>
-----------	-----------	-----------	-----------

2. Co apoio do modelo de guión que se achega (Anexo I), cubride a folla de planificación do guión literario: reescribide, seguindo a secuencia escollida, a información recompilada. Adecuade a escrita ao rexistro axeitado, entre formal e coloquial, e utilizade un vocabulario preciso, así como marcadores textuais, para vos expresar coa maior claridade posíbel. Para iso, tamén axudará incluír como mínimo un dos recursos explicativos vistos.